<p>Para este curso académico 2011-12, a Comisión de Calidade no seguimento e a análise do proceso de adquisición de competencias vinculadas aos obxectivos do Título prestou atención aos seguintes indicadores: taxa de rendemento do título, taxa de éxito do título e taxa de avaliación do título. No conxunto de indicadores facilitados pola Vicerreitoría de Calidade, non figuraba o dato sobre rendemento académico por materias, analizado no anterior informe de seguimento. A finalidade era dobre:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer os resultados académicos dos estudantes en relación cos obxectivos e as competencias vinculadas aos estudos. 2. A revisión e actualización de obxectivos e perfís profesionais de cara á seguinte programación académica. <p>En relación con este primer punto e dacordo cos datos disponibles sobre o Título, o resultado desta análise é o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A taxa de rendemento académico do Título, que pon en relación o número de créditos superados co número de créditos matriculados, sube dun 66,5% a un 70,3%, volvendo á porcentaxe do primeiro ano de implantación do Grao, no que o número de alumnos era menor. No análise por cursos, observamos que só no primeiro curso este indicador está por debaixo da media (60,4%), cicais pola dificultade que supón para o alumno iniciar os estudos universitarios ou por non cumprir estas coas súas expectativas. Polo contrario, a taxa mellora no segundo ciclo do título, subindo a porcentaxe por riba do 83%. 2. A taxa de éxito do título, que pón en relación o número de créditos superados co número de créditos presentados, mantéñse estable como media nunha porcentaxe superior ó 84%, sendo superior ó 90% nos cursos do segundo ciclo do título. 3. A taxa de avaliación do título, que expresa a relación entre o número de créditos presentados e o número de créditos matriculados, acada neste curso 2011-12 a porcentaxe máis alta, 83% dende a implantación do Grao, como nos casos anteriores a porcentaxe e superior nos dous últimos cursos. <p>En relación co segundo punto, en Outubro do pasado curso (2011-2012) a Facultade organizou as primeiras Xornadas sobre o Título de Grao en Ciencia Política e da Administración nas que participaron profesores de Ciencia Política de distintas universidades españolas. O obxectivo de celebrar estas primeiras xornadas era a reflexión e o debate acerca de la relación entre los perfiles profesionales, los contenidos y las competencias adquiridas y el intercambio de experiencias sobre o novo modelo de ensino-aprendizaxe. Durante este encontro se púso de manifesto o acordo existente na definición dos perfís do título e a súa adecuación cos contidos e as competencias. O mesmo tempo, acordouse a necesidade de seguir avanzando na análise da implantación do novo título de Grao.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
<p>Consideramos unha boa práctica a Organización das Xornadas sobre o Título de Grao. A Facultade de Ciencias Políticas e Sociais ten previsto organizar as II Xornadas sobre o Grao en Ciencia Política no presente curso académico 2012-13, cun dobre obxectivo: por unha banda, avanzar na adecuación dos perfís profesionais e das competencias con os programas formativos das materias, por outra, detectar novas demandas dos estudantes, así como, posibles debilidades na implantación do título e tratar de atopar solucións a partir do intercambio de experiencias e coñecementos.</p>							

PROPOSTAS DE MELLORA:	
Non procede	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Non procede	Non procede

Acceso e admisión de estudantes							
Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>Na súa directriz nº 3 o Programa Fides Audit establece os mecanismos que os centros teñen que poñer en marcha neste proceso. No caso da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais esta información faise explícita nos seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Memoria do título de Grao –pp 28-29- onde se define o perfil adecuado do estudante que se matricula no Grao, citando entre outras as seguintes competencias: comprensión de textos, disposición para traballo en equipo, habilidade para a resolución de problemas, entre outros. -Manual de Calidade aprobado por Consello de Goberno o 22/07/2009, nos puntos P01.PC01 pp6-10. -Memoria Grao no seu punto 1.4, onde se determina o número de prazas de novo ingreso para os catro primeiros anos. <p>A valoración que dende a Facultade faise deste criterio e suficiente polas seguintes razóns:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Queremos destacar unha vez máis o valor do Programa A Ponte como canle de información e de achegamento da vida universitaria a futuros alumnos. O mesmo tempo O programa de alumnos titores, catro no caso da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, facilita a adaptación dos alumnos de primeiro curso, de novo ingreso, á Universidade. 2. En relación co aumento no límite de alumnos de novo ingreso, que pasou de 100 a 125 neste curso académico, como se recollía na memoria de Grao, e debido o aumento da demanda, queremos destacar o significativo incremento na nota de acceso ó título. A porcentaxe dos que acceden cunha nota igual o superior a 6 pasou de 50% no curso 2008-2009 a 70% no curso pasado (2011-12), ao tempo que descendeu a porcentaxe dos que acceden cunha nota igual o inferior a 6, de 48,6% a 29,5%. 							
BOAS PRÁCTICAS:							
<p>Como sinalabamos no informe de seguimento do curso anterior (2010-2011), sen ser unha práctica exclusiva da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, facemos mención do Programa A Ponte:</p> <p>(http:// www.usc.es/gl/perfiles/futuros/a_ponte/index.jsp)</p> <p>Este programa é unha magnífica práctica que afecta ao acceso de estudantes á USC, pois a través de diferentes actividades levadas a cabo durante todo o curso académico danse a coñecer todos os aspectos específicos da vida universitaria. O <i>programa de alumnos titores</i> (catro no caso da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais para este curso 2011-12) está pensado para facilitar a vida académica aos estudantes de novo ingreso.</p> <p>A Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, dende a implantación do programa de alumnos titores de A Ponte supervisa moi activamente a incorporación de alumnos do Centro ao Programa e mantén cos seleccionados unha estreita colaboración.</p>							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
<p>Aínda que non depende directamente do centro, reiteramos a conveniencia de axustar o peche do prazo de matrícula ao inicio do curso.</p>							

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Non procede	Non procede

Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	X	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

A directriz 4 do Programa Fides Audit (p. 12) indica cales deben ser os aspectos que cada centro ten que resolver para que a planificación docente, a través das súas respectivas Comisións de Calidade, sexa coherente cos obxectivos do plan de estudos do título de grao, tanto no que se refire á programación global como á información das distintas materias contidas no dito Plan de estudos. Os documentos analizados pola Comisión de Calidade que conteñen os datos destes procesos son os seguintes:

- Plan Docente Anual SO1-PC03.
- Plan de Mobilidade PC07.
- Proceso de ensinanza-aprendizaxe PC10.
- Xestión de prácticas externas PC08.
- Punto 5 da Memoria de Grao.

A valoración xeral deste criterio é satisfactoria, na medida en que o desenvolvemento do Plano de estudos levouse a cabo tal e como se describía na memoria de Grao.

Despois destes primeiros catro anos do Grao, consideramos importante destacar os seguintes aspectos:

1. A oferta da Facultade do Programa de Prácticas Externas de 30 créditos ECTS, obrigatorios para a obtención do título de Grao en Ciencia Política tal como se diseñou na Memoria de Grao. O noso centro realizou un considerable esforzo para ofertar o número suficiente de prazas a través da firma de diferentes convenios con empresas e outras organizacións dentro da nosa Comunidade. Este traballo enténdese dentro da historia da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, que se fundou no curso 1990-1991, e que dende os seus inicios prestou moita importancia a que os nosos estudantes puideran acceder a un bó programa de prácticas. Este esforzo histórico se ten visto compensado agora no programa de prácticas dos futuros graduados. Neste punto, queremos sulñar que da enquisa de satisfacción dos egresados, realizada pola USC, se desprende o máximo nivel de satisfacción dos egresados cas prácticas externas do título, se ben é preciso indicar que a resposta a enquisa é voluntaria e o número de respostas limitado.
2. A oferta dos diferentes Programas de Mobilidade dos estudantes. Estes programas constitúen un excelente complemento na formación dos nosos alumnos a través de estancias que van dende un cuatrimestre ata un curso completo noutras universidades españolas, europeas e de terceiros países. Os datos da USC sobre mobilidade indican que a nosa Facultade segue a estar entre as que máis estudantes reciben (11,9% no 2011-12) e tamén envían fora (3,4%). Se ben é certo que observamos un lixeiro descenso nos números como consecuencia da menor duración dos estudos (de 5 a catro anos) e de que o último curso, que tan só inclúe as prácticas externas e o Traballo Fin de Grao, permite unha menor mobilidade.

A Facultade ten, dentro da plantilla de profesores, responsables tanto da mobilidade dos estudantes (programas Erasmus e SICUE, Convenios Bilaterais), como da realización das prácticas externas nas diferentes institucións (partidos políticos, parlamento, entes locais e autonómicos, empresas, sindicatos, fundacións, ongs, etc.).

3. Finalmente, nos dos últimos cursos, a realización dos Traballos Fin de Grao polos estudantes do 4º Curso, obrigou a facer algúns axustes nas tarefas de tutorización e avaliación, principalmente no que se refire ó

<p>establecemento de criterios comunes entre o profesorado e na elaboración dunha guía práctica sobre a execución do traballo para os alumnos.</p>	
<p>BOAS PRÁCTICAS: Elaboración da Guía práctica do Traballo de Fin de Grao.</p>	
<p>PROPOSTAS DE MELLORA: Dacordo coa recomendación recollida no informe final de seguimento 2010-2011: "Se recomienda aportar datos de la evaluación de la calidad de las prácticas externas y del trabajo fin de grado".</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración e aplicación dunha enquisa sobre satisfacción do alumnado coas prácticas externas obrigatorias. - Elaboración e aplicación dunha enquisa sobre satisfacción do alumnado co Traballo Fin de Grao. - Organizar unha reunión entre a Coordinación do Programa de Prácticas e os tutores para detectar aspectos a mellorar na realización das mesmas. 	
BREVE DESCRIPCIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Non procede	Non procede

Recursos humanos							
<p><i>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i></p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>En relación coas directrices do Programa Fides Audit, onde se establecen as pautas sobre o persoal académico e o persoal de administración e servizos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tal como se describe na memoria do título de Grao, a Comisión de Calidade do Centro analizou os documentos necesarios tanto para a selección (PS01) como para a avaliación do mesmo (P=1-PM03). - O proceso de avaliación do profesorado realízase – ata a data - seguindo as directrices da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade. - O documento PS01 referido ao persoal de administración e servizos insiste na labor de apoio á xestión dos diferentes órganos académicos do centro. <p>Polo que se refire aos resultados de satisfacción da docencia (avaliación dos estudantes) e dacordo cos datos proporcionados pola Vicerreitoría de Calidade, a media para o título de Grao en Ciencia Política e da Administración e de 3,65 sobre 5. Neste sentido, hai que advertir que mudou a escala de valoración, de 1 ata 5, no curso 2011-12. Anteriormente, a escala era de 1 ata 7. Nesta ocasión, non dispoñemos do dato sobre a media da USC, nin sobre os items da enquisa. O que si refiren claramente os datos é que a valoración ó longo destes anos ten unha tendencia a mellorar, o que se reflicte tamén este ano, nos que se presentan unhas valoracións nidiamente mellores aos do ano anterior.</p> <p>Dende a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais queremos insistir en chamar a atención sobre o novo modo de avaliar ao persoal docente, pois a partir deste curso académico 2011-2012 a cumprimentación dos cuestionarios realizouse telemáticamente. Advertimos do posible sesgo que poida darse en relación cos resultados posto que poden surxir dous problemas de carácter técnico: unha alta taxa de "Non respostas" e de modo especial a inexistencia do control mostral.</p> <p>No anterior informe de seguimento facíamos fincapé na necesidade de que os profesores empregasen novas tecnoloxías como parte dos recursos didácticos e propoñíamos a realización de Cursos de formación do profesorado no manexo de pizarras electrónicas. Ante a falla de recursos propios, a petición feita dende a Facultade, fai máis dun ano, ó Centro organizador de Cursos de Formación e Innovación Docente aínda non tivo resposta.</p> <p>Sen embargo, neste tempo, a case totalidade do profesorado contratado da Facultade realizou a meirande parte dos Cursos de Formación e Innovación Docente, obtendo as conseguintes certificacións para ás súas acreditacións.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>A realización da oferta completa de Cursos de Formación e Innovación Docente organizados pola USC por parte dos profesores contratados do Grao.</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p>							

Formación do profesorado no manexo de pizarras electrónicas.	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
<ul style="list-style-type: none"> - Curso de formación no uso de pizarras electrónicas - Cursos de formación de aplicacións informáticas para a análise e o tratamento de datos cuantitativos e cualitativos. 	<p>Adaptación do profesorado ás demandas do estudiantado no uso das novas tecnoloxías aplicadas á docencia.</p>

Recursos materiais e servizos							
<i>Valorase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>A valoración que facemos deste criterio é suficiente. As razóns desta valoración son:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Como o ano anterior, os recursos materiais e servizos dispoñibles son, en xeral, adecuados para garantir o desenvolvemento das actividades formativas planificadas, sobre todo, despois de ter aumentado nos últimos anos os espazos para traballos e titorías en grupo. 2. Sen embargo, seguemos a detectar deficiencias serias no mantemento da aula de informática empregada para a docencia así como noutras aulas nas que o funcionamento da rede wifi e os recursos materiais dispoñibles non son sempre satisfactorios. 3. No que se refire ao uso de software específico para a docencia, a Facultade non dispón de recursos propios para adquirir os programas informáticos máis axeitados para aquelas materias que os precisan, cando dende a Área TIC da USC non cubren esta necesidade. Polo que, algunhas materias de Grao acusan especialmente esta deficiencia: Estatística I, Estatística II, Técnicas Cuantitativas, Técnicas Cualitativas, Análise Electoral, Mercadotecnia Política. 							
BOAS PRÁCTICAS:							
<ul style="list-style-type: none"> . Creación e equipamento de novos espazos dedicados ao uso xeral dos estudantes para o traballo en grupo, en zonas infrautilizadas do aulario de recente construción. . Adquisición de novo equipamento para o uso xeral dos estudantes para o traballo persoal e en grupo na planta baixa do edificio antigo de uso común coa E.U. de Relacións Laborais. 							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
<ul style="list-style-type: none"> - A Área TIC da Universidade aconsella seriamente mellorar as intalacións informáticas e de cableado do Aulario da Facultade. A imposibilidade, por razóns orzamentarias, de levar adiante dende o centro estas obras de melloramento, deixan en máns da Vicerreitoria de Economía e Infraestructuras efectuar a proposta de mellora. - Por outro lado, segue a ser necesaria a creación dun novo local de conserxería no aulario para garantir a seguridade e o bo mantemento do equipamento docente. 							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			
<ul style="list-style-type: none"> - Melloras na conexión a Internet nas aulas dedicadas á docencia do edificio novo. - Creación dun novo local para Conserxería na planta baixa do aulario de recente construción. 				<ul style="list-style-type: none"> - As deficiencias anteditas que impiden un mellor aproveitamento das horas de docencia no aulario de recente construción. - A persistencia das dificultades para garantir en todo o momento a seguridade dos recursos materiais dispoñibles no edificio novo. 			

Resultados previstos							
<i>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	X	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>Neste criterio, a análise dos datos relativos a taxa de rendemento, taxa de éxito e taxa de avaliación do título, referidos a súa vez no criterio 3, corroboran dous feitos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A correcta implantación dos estudos do Grao en Ciencia Política e da Administración nos últimos catro anos. 2. O bon desenvolvemento do plano de estudos en relación cos resultados previstos. <p>No obstante, debemos salientar que a taxa de abandono para o curso 2009-2010 sube co respecto á anterior, pasa de 15,28 a 23, aínda que non se alonxa da previsión do 20% recollida na memoria de Grao.</p> <p>En canto o dato sobre a taxa de eficiencia, é neste curso 2011-12, cando dispoñemos por primeira vez deste dato, cun valor satisfactorio de 98,5%.</p> <p>A valoración final e polo tanto satisfactoria.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
Non procede.							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			
Non procede.				Non procede.			

Sistema de garantía da calidade						
<i>Valorase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	X	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:						
<p>A valoración que facemos deste criterio é de satisfactoria, toda vez que constatamos que os mecanismos e procedementos para a recollida e análise da información permiten a avaliación continua da calidade do ensino, das prácticas externas e dos programas de mobilidade, así como da inserción laboral dos titulados e a satisfacción co plan de estudos dos distintos colectivos implicados (estudantes, PAS, docentes, etc.), do mesmo xeito que facilitan a toma de decisións que garantan o avance do plan.</p>						
BOAS PRÁCTICAS:						
<ul style="list-style-type: none"> . Inclusión no modelo de informe a cumprimentar por parte dos titores externos das prácticas preprofesionais de criterios que permiten recoller información sobre a adecuación dos contidos dos cursos ás necesidades do mercado laboral, así como deseñar melloras para aumentar a empregabilidade dos titulados. . Creación da figura dos coordinadores de curso, que, entre outras actividades, recaban información dos estudantes sobre a planificación do ensino. . A coordinadora de cuarto curso organiza no segundo semestre reunións informativas para os estudantes de terceiro ano a fin de orientalos na escolla da entidade colaboradora na que realizarán as prácticas externas así como na organización do tempo para superar materias pendentes de cursos anteriores e/ou o Tráballo Fin de Grao. 						
PROPOSTAS DE MELLORA:						
<p>Como xa se explicitaba no informe de seguimento do ano anterior segue a ser necesario:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A creación dun órgano composto por titulados que desenvolvan a súa actividade profesional en diversas empresas e entidades do sector público, que se ocupará do asesoramento na avaliación e mellora do plan de estudos, apoiando o traballo da Comisión de Calidade na elaboración de plans de mellora e modificacións da Titulación. - Incorporar métodos cualitativos, como por exemplo grupos de discusión, para a avaliación da satisfacción dos estudantes e titulados coa docencia recibida. <p>Ademais é preciso incluír no SGIC as propostas de mellora reflectidas no criterio 5 (Planificación das ensinanzas) de este informe:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración e aplicación dunha enquisa sobre satisfacción do alumnado coas prácticas externas obrigatorias. - Elaboración e aplicación dunha enquisa sobre satisfacción do alumnado co Tráballo Fin de Grao. - Organizar unha reunión entre a Coordinación do Programa de Prácticas e os tutores para detectar aspectos a mellorar na realización das mesmas. 						
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS		

<ul style="list-style-type: none"> - Búsqueda de titulados que desempeñen o seu traballo en postos representativos dos distintos perfís profesionais da Titulación e constitución dun Consello de Graduados/as en Ciencias Política e da Administración. - Conversas coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade da USC para propor melloras na avaliación da satisfacción dos estudantes e titulados coa docencia recibida, incorporando métodos cualitativos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Toda vez que a súa maior empregabilidade é unha fortaleza significativa dos novos titulados, convén establecer canles permanentes para o intercambio de información entre a Comisión de Calidade e os titulados para actualizar dacordo coas demandas do mercado laboral o plan de estudos da Titulación. - O emprego únicamente de métodos cuantitativos nos priva dunha información máis rica sobre a satisfacción dos estudantes e titulados coa docencia recibida
---	--

Calendario de implantación							
<i>Valorase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	X	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>A valoración que facemos deste criterio é satisfactoria. As razóns desta valoración son tres:</p> <p>a) A implantación dos cursos primeiro e segundo da Titulación a partir do ano académico 2008-2009 e dos cursos terceiro e cuarto do Grao a partir do curso académico seguinte facilitou a rápida consolidación da nova Titulación.</p> <p>b) A primeira promoción de estudantes se graduou con éxito e elevados niveis de satisfacción no curso académico 2010-2011. No curso 2011-12 graduouse a segunda promoción con similares niveis de éxito.</p> <p>c) Igualmente, se garantiu a docencia aos estudantes que non se adaptaron ao novo plan. No ano académico 2011-2012, se impartiu docencia de quinto curso da Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración en extinción.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
<p>. O recoñecemento do primeiro curso completo da nova Titulación (ademais das outras materias que lles correspondían doutros cursos ao aplicar a táboa de adaptacións) aos estudantes que superaran 40 créditos de materias troncais e obrigatorias de primeiro curso de Grao facilitou a implantación da nova Titulación.</p>							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
Non procede							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			
Non procede				Non procede			

4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Especificar correspondencia entre competencias, resultados previstos, actividades formativas y sistemas de evaluación. Especialmente en el caso de la relación funcional entre sistemas de evaluación propuestos, competencia a adquirir y resultados de aprendizaje evitando solapamientos y repeticiones en distintas materias o módulos.	Creación da figura de Coordinador de Curso, co obxectivo de resolver incongruencias e solapamientos entre as materias dun mesmo curso, así como garantir o correcto desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe en relación coas competencias básicas e específicas do título. Curso 2009-2010. Responsable Equipa Decanal.
Mayor concreción en la definición de competencias específicas.	A Facultade organizou as primeiras Xornadas sobre o Título de Grao en Ciencia Política e da Administración nas que participaron profesores de Ciencia Política de distintas universidades españolas. O obxectivo de celebrar estas primeiras xornadas era a reflexión e o debate acerca de la relación entre los perfiles profesionales, los contenidos y las competencias adquiridas e o intercambio de experiencias sobre o novo modelo de ensino-aprendizaxe. Durante este encontro se puxo de manifesto o acordo existente na definición dos perfís do título e a súa adecuación cos contidos e as competencias. O mesmo tempo, acordouse a necesidade de seguir avanzando na análise da implantación do novo título de Grao. Curso 2011-12. Responsable Equipa Decanal.

INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
No informe final de seguimento de 2011, se recomenda incorporar información sobre as accións levadas a cabo a partir das consideracións do informe final de verificación.	<ul style="list-style-type: none"> - Creación da figura de Coordinador de Curso. - Realización das Primeiras Xornadas sobre o Título de Grao en Ciencia Política e da Administración. - Realización, no actual curso académico 2012-13, das Segundas Xornadas sobre o Título de Grao.
